

■ Crítica

RAFAEL FERNANDEZ LORENZO

As tribos extintas

O mellor intérprete da Natureza é a persoa que por estar en estreito contacto con ela está plenamente integrada na mesma, converténdose deste xeito en depositaria dos seus segredos máis arcaicos e misteriosos.

Os vellos oficios, agora desaparecidos, mantíñan un intenso contacto coa terra, empregando soamente os recursos precisos, sen degradar nin malgastar o seu entorno. O home non era máis que un pequeno elo na inalterable cadea da vida, onde daquela encaixaba perfectamente. Hoxendía o home xa non pertence a terra, renega da súa orixe unha e outra vez, sen saber que algún día deberá voltar inevitablemente a ela.

Os vellos oficios, é tamén o título da última entrega literaria de Vázquez Pintor, pese a que xa pasaron seis anos, segundo confesa o autor, desde que deu por rematada esta experimental ousadía.

O libro é unha crónica singular e real dos nosos devanceiros, e pretende recuperar da memoria o noso pasado máis recente, cun achegamento psicoanalítico ás propias testemuñas de sete tribos practicamente extintas, que relataran oral e individualmente os seus costumes e hábitos naqueles mundos conxénitos, agora extraviados polo progreso. Posúen estas persoas unha descomunal riqueza, desprestixiada polos novos tempos e os azares tecnolóxicos que consideran obsoletos e en desuso aqueles mesteres de antano.

Pero non debemos esquecer que eles son o alicerce

onde nós pusamos e baseamos o noso actual status.

Este ensaio de Vázquez Pintor conta con sete capítulos perfectamente diferenciados, máis un glosario final de termos específicos a cada ocupación, que aumenta o valor lexicográfico da obra con palabras actualmente esquecidas.

En cada un dos apartados, o autor aproveita a súa capacidade poética para introducirmos no tema en cuestión, utilizando unha fabulación mitolóxica que deixa entrever a clara influencia cunqueiriana recoñecida en varias ocasións por Vázquez Pintor. Tanto é así, que chegou a utilizar nalgún momento, sempre con devoción e cortesía, o pseudónimo de Álvaro.


Cada capítulo conta cunha documentación fotográfica abundante, obra de Luís Viñas, que mostra ós verdadeiros protagonistas nos variados procesos de elaboración.

Lamentablemente algúns deles desapareceron xa para sempre, como é o caso de Emilio Ureña, María Vilarifio e Manuel García. Por iso este libro acadará aínda maior importancia ó recuperar da memoria as súas voces nun documento póstumo e inédito de grande utilidade.

Panadeiras, atadeiras, oleiros, arrieiros, albardeiros, seitureiros e tecedeiras, son os sete vellos oficios recuperados polo afán investigador dun home de grande sensibilidade que gozou escoitando as anima-

Vázquez Pintor, X., *Os vellos oficios*, Ed.

Xerais, Vigo, 1996, 144 pp.



das conservas dos seus informantes.

Un home que hai algún tempo escribiu:

"E velaf que chegan á casa da tribo os restos/de homes supetamente/ tristes desde a selva que habitaron no singular espacio/ que vai de sol a sol/ entre ameneiros flebles que sorrín á noite porque a noite/ aniña e nunca mata/ Velaf que chegan os albardeiros coa pregunta nos labios/ teimudos, confidentes,/ alén da porta e reclaman para sís como un dereito/ aos homes da palabra/ aqueles que teñen a sombra no corazón mancado".